

A REVOLUCIÓN É FEMINISTA



E ESTÁ AQUÍ



AS MULLERES GALEGAS

Cando falamos de mulleres galegas no mundo do feminismo, todas pensamos en mulleres famosas que destacaron no mundo das letras, nas conquistas, avogadas, políticas, etc.; sen embargo, esquecémonos da gran importancia que tiveron os milleiros de mulleres anónimas e indomables que, con pequenos xestos e rebeldías foron facendo posible que esteamos no punto do camiño cara a igualdade no que nos atopamos.

Trala gran conquista do sufraxio universal promovido pola escritora, política e feminista Clara Campoamor e a promulgación do divorcio, as mulleres gañamos dereitos tan fundamentais como o de ter voz e voto, en definitiva, poder decidir sobre as nosas vidas.

Por desgraza, poucos anos despois entrariamos nunha guerra e tras ela, nun réxime baseado no patriarcado no que as mulleres volvían ser meras posesións dos homes, cuxa finalidade última era servir ó seu “dono”, pois pasaban de ser dependentes do seu pai para ser responsabilidade do seu home.

Os fogares galegos das clases máis humildes estaban formados por moitos membros, nos que se repartían as tarefas: as mulleres limpaban, facían a comida, lavaban a roupa, coidaban das crianzas, traballaban na horta, etc., mentres que os homes ían buscar o seu sustento. As únicas profesións ben vistas nas mulleres eran a de mestra, costureira, criada e monxa.

Na zona costeira, houbo profesións moi vinculadas ó mar que normalmente realizaban as mulleres e fillas de mariñeiras como eran o de redeiras. Nas zonas nas que se implantou a industria, xa nos anos 50 as mulleres comezaron a formar parte das plantillas de persoal das mesmas.

Nos anos 60 e 70 cada vez foron máis as mulleres que se incorporaron ó mercado de traballo, na zona da costa, sobre todo, dada a necesidade de ter man de obra barata en oficios como o de bateeiras, mariñeiras e mariscadoras.



#8M

AS MULLERES GALEGAS

A man de obra feminina sempre foi moito máis barata que a do home, en igualdade de traballo, pero non todas as mulleres calaron ante tal inxustiza, nos anos 70 dou comezo un movemento heteroxéneo en distintos sectores, reivindicando equidade salarial.

Nos fogares galegos nos que as mulleres tamén aportaban parte á economía familiar, os roles comezaron a cambiar, pois deixábase de ver á muller como unha carga para o seu home. Sen embargo, moitas delas abandonaban o seu traballo fóra do fogar cando casaban para poder criar ós fillos e fillas.

A presión social á que estaban expostas era cada vez maior, de feito, a publicidade machista era atronadora, aparecendo dende as famosas enciclopedias para a muller, pasando polos anuncios e acabando coas publicacións de adoctrinamento como a “Guía de la Buena Esposa”

Non foi ata a época da transición, xa moi entrados os anos 80, cando cousas tan básicas como abrir unha conta bancaria ou sacar un billete foi posible por parte das mulleres sen a autorización dos seus respectivos titores (pai, irmán, home, ou incluso, párroco).

Moi importantes foron os pequenos pasos que se foron dando a partir de entón, grazas a mulleres como a que abandonou ó seu maltratador, a que se negou a casar só porque era algo ben visto, a que decidiu traballar nun oficio que lle gustaba inda que fose considerado de “homes”, a que cortou o pelo e se vestiu de home para reivindicar a equidade salarial, a que decidiu ser nai solteira, a que loitou polo dereito ó aborto, a que con cada acción, por pequena que fose, contribuíu a chegar a onde estamos: Nun novo tempo no que, xuntas, nos unimos ano tras ano neste 8M para dicir que as mulleres galegas, as menos coñecidas, tamén formamos parte desta Revolución Feminista que xermolou hai anos das valentías e ousadías das nosas devanceiras e que nós temos a responsabilidade de facela real e plena.



MULLERES: MÁIS INVISIBLES NO MEDIO RURAL



“ *A débeda histórica da sociedade en xeral e da clase política en particular coas mulleres do rural é enorme*

As mulleres do rural raramente son o foco de atención, polo que os desafíos aos que se enfrontan non se teñen en conta, por non seren escoitadas nin valoradas as súas opinións.

É primordial que se recoñeza a gran contribución das mulleres no campo, na produción agrícola e gandeira e de transformación, e que ese recoñecemento se traduza en políticas que transformen a realidade do rural coa presenza e a participación activa das mulleres.

As mulleres do medio rural enfróntanse a grandes desafíos como as dificultades do acceso a diferentes recursos (propiedade da terra, educación, capacitación, créditos, etc.), á invisibilización do seu traballo (gran parte das actividades produtivas que realizan están ligadas ao ámbito doméstico, menos valorado socialmente que outros ámbitos), etc.

Coidar ás crianzas e a familiares maiores, asumir a xestión doméstica, traballar no campo, realizar actividades ligadas á horta, a gandería e a agricultura, actividades silvícolas non remuneradas, etc., son tarefas habituais que realizan maioritariamente as mulleres, carecendo en moitas ocasións de vacacións e do máis mínimo recoñecemento pola súa labor.

Son moitas, pero invisibles

Soamente queren ter os mesmos dereitos polo mesmo traballo, protagonizar as súas vidas sen depender de ninguén, acceder ao mercado laboral, ocupar postos de representación, formarse, informarse, etc., etc.

A modo de exemplo, a titularidade compartida é un primeiro paso para a visibilización do traballo de agricultoras e gandeiras nas explotacións familiares (titularidade que ata non fai tanto tempo era case exclusiva dos homes, alcanzando estes aproximadamente o 72%), pero a burocracia, desidia por parte das administracións e

falta de información para as mulleres fixo que o seu espazo figurativo fose ínfimo.

Para fixar poboación no rural é preciso facer unha análise de cada contexto concreto, e adecuar as medidas á realidade social de cada un, inda que haxa eixos comúns:



Todas as políticas públicas teñen que abordar as especificidades do medio rural

É fundamental a procura, estímulo e impulso de novos xacementos de emprego, a atención ás aspiracións e expectativas das mulleres mozas que seguen no medio rural, a apertura á participación das mulleres en tódolos aspectos da vida local, non só en actividades agrícolas e gandeiras senón buscando fórmulas innovadoras. Ditas fórmulas deben permitir tamén actividades de lecer sen esquecer necesidades sociais que teñen vetas sen cubrir (ampliación de recursos de Servizos Sociais en servizos de proximidade, fomento do cooperativismo e a economía social no sector dos coidados, do fomento do turismo social, etc.).

Tódalas políticas públicas teñen que abordar e buscar solucións ás especificidades do medio rural, que son moitas e diversas (despoboamento, illamento, carencia de recursos públicos de proximidade, etc.), e unha cousa é segura: se perdemos de vista a perspectiva de xénero, as desigualdades seguirán reproducíndose.

A débeda histórica da sociedade en xeral e da clase política en particular coas mulleres do rural é enorme.

Hai vieiros e alternativas para mudar a situación actual. Como escoltei recentemente: “non está nas nosas mans facer da noite día, pero si somos quen de por farolas” para seguir camiñando, para seguir loitando pola equidade, polo rural... PORQUE É DE XUSTIZA.

EN MAREA APOIA A FOLGA FEMINISTA DO 8 DE MARZO

Que é a Folga Feminista?

Trátase dunha folga multidimensional:

Folga de coidados.

Folga de consumo.

Folga estudantil.

Folga laboral.

Por que unha Folga Feminista?

Porque estamos fartas de todas as formas de opresión e violencias machistas que viven as mulleres polo simple feito de selo.

Para que unha Folga Feminista?

Para visibilizar e cuestionar o papel das mulleres nos catro eixos centrais da organización social:

o ámbito laboral, estudantil, consumo e traballo de coidados e reprodutivo.

A sociedade no seu conxunto debe entender que se as mulleres paran, para o mundo.

Sen mulleres, a sociedade non avanza.

FOLGA DE COIDADOS

Con esta folga quérese facer patente que o sistema económico colapsaría sen o traballo cotiá de coidados realizado polas mulleres. Elas asumen unha dupla ou tripla xornada de traballo que non só consiste en realizar os coidados senón que recae sobre elas toda a planificación e tarefas complementarias que son moitas e case sempre invisibles e desvalorizadas. Estas tarefas de coidados asumidas polas mulleres son tarefas que o goberno aforra. Os gobernos poden reducir o seu investimento nestes servizos porque as mulleres coidan a moi baixo custe económico, pero cun gran custe vital.

¿Qué significa a Folga de coidados?

Visibilizar ante a sociedade todo o traballo de coidados que as mulleres realizan a diario:

Xestión da alimentación (previsión, compra, preparación...).

Coidados de saúde (prevención, acompañamento, xestión e coidados).

Coidado das crianzas (previsión, planificación, acompañamento...).

Coidados de limpeza (previsión, compra, xestión, realización e educación do entorno).

Coidado dos/as maiores (previsión, atención, acompañamento, asesoramento...).

FOLGA DE CONSUMO

Nin sequera no ámbito do consumo as mulleres teñen igualdade cos homes. Os produtos claramente orientados a que os consuman mulleres teñen un sobreprezo. O consumo ten asociado un modelo estético baseado no sufrimento e a mutilación do corpo feminino. Os corpos das mulleres non son mercadorías nin obxectos. Abonda de empregar os corpos das mulleres como reclamos para o consumo..

Qué significa a Folga de consumo?

- Visibilizar ante a sociedade a necesidade de rachar coa lóxica de consumo capitalista que reforza o sistema e polo tanto a posición de desigualdade das mulleres no mesmo.
 - Visibilizar que as mulleres ocupan un espazo importante no sector dos servizos e nos traballos máis precarizados do mercado de consumo.
 - Non contribuír á explotación de ningunha persoa, nin no noso país nin en ningún outro, a través do noso modelo de consumo.
- Reivindícase a construción de estratexias de consumo alternativas, que respecten os dereitos e as vidas das mulleres.

FOLGA ESTUDANTIL

O sistema educativo é o principal espazo de socialización no que se reproduce o actual sistema capitalista e patriarcal. O sistema educativo debe estar libre de valores heteropatriarcais. Cómpre reivindicar o dereito a unha educación afectivo-sexual que ensine na diversidade, sen medos, sen complexos, que non permita ningunha agresión machista ou de calquera tipo nas. A coeducación debe avanzar en tódolos niveis e espazos de formación. Non se pode permitir que se relegue a historia das mulleres ás marxes dos libros de texto. A perspectiva de xénero debe ser transversal.

Qué significa a Folga estudantil?

Reivindicar ante a sociedade:

- Unha educación pública, laica e feminista.
- Unha educación que transversalice a perspectiva de xénero en tódalas disciplinas.
- A necesidade de baixar as taxas e aumentar as becas para permitir conciliar a vida estudantil, laboral e de coidados.

FOLGA LABORAL

As mulleres acceden de xeito desigual ao mercado de traballo: os salarios, as xornadas que realizan, as categorías, e mesmo as posibilidades de promoción son diferentes en función do xénero. Nos sectores nos que as mulleres predominan os salarios son máis baixos que naqueles nos que teñen unha presenza maioritaria os homes. A reforma das pensións afecta especialmente ás mulleres, tanto pola súa concentración na economía informal como polas interrupcións da vida laboral para os coidados. No caso das mulleres inmigrantes, as situacións de precariedade e explotación multiplícanse. A fenda salarial en Galicia é do 23%. As mulleres teñen de

media uns ingresos equivalentes ao 77,7% dos ingresos dun home. As xornadas a tempo parcial son ocupadas nun 90% por mulleres. A pobreza ten nome de muller con crianzas a cargo.

Qué significa a Folga laboral?

- Significa non realizar o traballo asalariado nas empresas, comercios, fábricas, servizos públicos de saúde, educación, coidados, educativos...
- Facer unha folga xeral de mulleres fai cuestionarse a moitas o problema da gran precariedade dos postos de traballo e a vulnerabilidade da situación no mundo laboral e na vida en xeral.

E SE ES HOME...

COMO PODES PARTICIPAR?

- Realiza as tarefas de coidados (crianzas, maiores, etc) durante todo o día, asume a sobrecarga e dupla ou tripla xornada que habitualmente realizan as mulleres.
- Difunde e apoia as convocatorias da Folga.
- NON fagas folga nin paros.
- Facilita que as mulleres acudan á Folga.
- Visibiliza a folga feminista nos postos de traballo.
- Dálles todo o protagonismo nos espazos públicos e privados ás mulleres acompañando á loita feminista neste 8 de marzo.

PROPOSTAS DE EN MAREA EN MATERIA DE IGUALDADE

Falar de mulleres en termos de igualdade e con perspectiva de xénero é facelo dende o feminismo, e implica tomar conciencia sobre a desigualdade estrutural entre mulleres e homes.

Para reivindicar os dereitos das mulleres, loitar contra as desigualdades, etc. o feminismo debe estar no centro de todas as políticas, coa igualdade e a perspectiva de xénero como eixos transversais. É esencial erradicar o sistema patriarcal instalado non so na sociedade, senón tamén nas institucións.

En Marea como proxecto político precisa ser feminista, non so no discurso senón tamén no funcionamento, non só nas formas senón no fondo. De nada valen as propostas se non se dotan dunha estrutura e uns orzamentos mediante os que se poidan cumprir, polo que, tendo presente a necesaria inversión neste eido, para acadar a igualdade real, dende En Marea:

Defendemos a inclusión da coeducación nos centros de ensino, incorporando a perspectiva de xénero nos plans de estudos.

Promovemos a formación en igualdade e violencia machista –obrigatoria e específica– para o conxunto de profesionais implicados/as e que interveñan no proceso educativo, xudicial, etc. (docentes, xudicatura, forzas de seguridade...).

Apostamos de forma integral por un marco de xustiza universal que evite calquera tipo de desigualdades.

Defendemos o dereito a decidir das mulleres sobre o seu propio corpo, apostando pola implementación dun Plan Integral á Saúde da Muller e por unha Lei Galega de saúde Sexual.

Promocionamos e socializamos os coidados, apostando porque a administración pública afonde e oferte un maior número de servizos e que liberen de carga ás familias e fundamentalmente á poboación feminina.

Actuaremos contra a fenda salarial de xénero no país.

Emprazamos ás administacións a dotar orzamentariamente os servizos e recursos de promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Esiximos o desenvolvemento e cumprimento da lexislación en materia de igualdade e prevención da violencia machista.

